

Alén, Máis Alá

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A ánima e a Virxe de Conforto

»Vínhamos da vila eu e mais unha sobriña da casa do medio. Entonces ela tiña unha enfermidade e despois tivo unha nena e a nena, ela decía que lle viña sempre a regra e que tivera a nena, e non podía ser; esas cousas non podían ser, que se retira, cando hai familia retírase.

E dixo:

□Ai, Caridaíña, ofrécame a algo.

□Heite ofrecer, miña Elviriña, □era unha irmá miña□. Heite ofrecer ó Conforto.

Conque iban pasando, iban pasando, aínda houbo dúas ou tres aquí na parroquia tamén que ofreceron así.

E pasaba coma un cabalo por encima da casa. Daquela aínda non había moito faio nas casas esas.

Conque vaí e, unha noite, iba a Caridá levar, teñen dúas entradas, unha pa casa e outra pas vacas, aquí nesta casa do medio. Entonce veu unha cousa alta, de negro, daquela iban de negro as mulleres, pero xa morrera miña irmá. E veu unha cousa de negro na porta, así alta. Entonce a Caridá quedouse co balde na mao.

□¡Vente, Caridaíña, non teñas medo que son Elvira! ¡E vaime ó Conforto, que me ofreciche, e non te acordas!

Sentía nos oídos a fala esa pero non vía máis que aquela sombra, negra. Veulle eso ós oídos, dixo a Caridá. E

dixo:

□Bueno, pois vaite logo que heiche de ir, heiche de ir ó <>.

E foron dúas ou tres, foron máis que tamén se ofreceron as irmás e as mais. E foron..., e pasoulle. Nunca máis volveu».

BIBLIOGRAFÍA

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión oral ENCARNACIÓN OTERO (94 anos), Rego da Cal, Galgao. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.